

# *Falco peregrinus* Tunstall, 1771

	falcón peregrino
	halcón peregrino
	belatz handia
	falcó pelegrí
	peregrine, duck hawk
	falcão-peregrino



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 330-1000 g(♂), 700-1500 g(♀)

Longitude 34-58 cm

Envergadura 74-120 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Falconiformes	Falconidae	<i>Falco</i>

## ALIMENTACIÓN

Sobre todo pequenas aves, pero en ocasións morcegos, coellos e roedores.

## COMPORTAMENTO

Son diúrnos, monógamos, solitarios e territoriais. Pasan a meirande parte do día pousados, mentres descansan e vixán o seu territorio. Algunhas subespecies son sedentarias, como a ibérica, mentres que outras son migratorias.

## REPRODUCCIÓN

O período de celo dáse a finais de inverno e principios de primavera. As femias poñen 1-7 ovos, que incuban durante 29-33 días, mentres os machos as alimentan. A cría, alimentada pola nai que á súa vez segue sendo alimentada polo macho, voa a partir dos 42-46 días, e acada a madurez sexual aos 1-3 anos.

## HÁBITAT

Todo tipo de hábitats agás por desertos e selvas tropicais

## DISTRIBUCIÓN

Atópase en case todo o mundo, agás por Islandia, maioría de Grenlandia e outras illas do Círculo Polar; o norte de África, o sur de Somalia e o noroeste da África subecuatorial; a península Arábiga, o Levante e boa parte de Irán, e Mongolia, o oeste de China e o Himalaia; a rexión amazónica, Nova Zelandia e o resto de illas da Polinesia e a Antártida.

## CURIOSIDADES

É considerado o animal máis rápido do planeta, podendo acadar normalmente 320 km/h durante as cacerías nas súas características caídas en picado.

A subespecie presente no campus é *Falco peregrinus brookei* Sharpe, 1873, propia do sur de Europa, o norte do Magreb, Anatolia e o Cáucaso.